

### **ANEXO III. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE LOCAIS**

**PASO 1 :** Contactar cos servizos administrativos da Concellaría de Educación e Cultura para coñecer se hai dispoñibilidade.

Teléfono: 981 884 991

Correo electrónico: [administracion.cultura@concellodeames.gal](mailto:administracion.cultura@concellodeames.gal)

**PASO 2:** Presentación da solicitude segundo o modelo: A solicitude de cesións de uso dos equipamentos farase mediante presentación do formulario que figura no anexo II do Regulamento no Rexistro Xeral, ou na sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>).

Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REC), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames.

A presentación de solicitudes hai que facela cunha antelación mínima de 10 días naturais respecto ao inicio da actividade para a que se solicita o equipamento. As solicitudes presentadas cunha antelación menor da indicada poderán ser desestimadas e arquivadas automaticamente. A contestación farase nun prazo máximo de 10 días.

**PASO 3:** Concesión: A reserva non será automática, farase efectiva cando se recibe confirmación.

**PASO 4:** Pago: Cando proceda, realizase o pago de taxas mediante a correspondente liquidación ou autoliquidación segundo estableza a correspondente ordenanza fiscal.